

Bloque 1

OS FEMINISMOS

OS FEMINISMOS

Tentar establecer unha definición do que son os feminismos resulta unha tarefa altamente complexa. Primeiro, porque son centos de definicións as que se fixeron ao longo da historia sobre este movemento. E segundo, porque precisamente a diversidade e a falta de dogmatismo son unha característica fundamental dos movementos e teorías feministas en todo o mundo, o cal fai que as definicións se adapten ou nazan de circunstancias e perspectivas diferentes. Porén, dito isto, cómpre bosquejar polo menos unhas liñas definitivas mínimas que permitan logo tirar sentido das correntes en si mesmas.

Malia a diversidade, existen unha serie de trazos que si delimitan o que entendemos como feminismos na época actual. Por unha banda, o feito de seren movementos de carácter político que recoñecen a discriminación das mulleres como algo estrutural e que por tanto buscan unha transformación das estruturas das sociedades, e non só, como adoita pensarse, mellorar a situación das mulleres. Así, os feminismos analizan as sociedades a través de estudos que se centran en situacións concretas, moitas das cales permanecían até entón totalmente opacas (cousas agora tan evidentes como a desigualdade salarial, por pór un caso). Alén destes, tamén se nutren de estudos que recuperan a memoria das mulleres (para evitar a constante sensación de que a loita polos dereitos das mulleres é sempre algo recente ou limitado só a certas partes do mundo), así como das análises das construcións sociais de homes e mulleres. A partir destas análises preséntanse as alternativas.

Precisamente este último tipo de análise que impregna os estudos feministas, o da construción social de homes e mulleres, constitúe unha ferramenta moi interesante de definición dos feminismos que se sintetiza nunha única palabra: xénero. Este concepto resulta un dos piares fundamentais de maior avance para o pensamento feminista, e de feito considérase un dos cambios máis importantes do campo das humanidades e das ciencias sociais en xeral. O concepto do xénero fala da construción social das persoas segundo unhas

características físicas (o sexo) e racha coa ditadura da antiga crenza de que «a bioloxía é o destino». Como xa intuía Simone de Beauvoir en 1949, «unha non nace muller, faise». É dicir, o que nos fai muller ou home non son as características físicas en si mesmas, senón as consideracións que a sociedade constrúe sobre eses trazos físicos. Esa construción social é precisamente á que se refire o xénero, e aínda que non se expresou con esta palabra até os anos 70 do século XX en occidente, o certo é que a noción leva séculos nos feminismos de todo o mundo.

O concepto do xénero foi evolucionando, e iso supuxo que na actualidade se abrisen fendas entre diferentes tendencias feministas. Así, algunhas correntes feministas non o consideran e deciden volver a conceptos bioloxicistas, mentres que outras correntes sosteñen que non se pode ser feminista se non se utiliza o xénero como base, pois entón o único que se faría sería reinterpretar o patriarcado e reforzalo coa súa insistencia en encerrar mulleres e homes nas súas características físicas. Malia estas fendas, sen dúbida este concepto resulta aínda fundamental para, en primeiro lugar, poder entender a sociedade e a discriminación que formula e, en segundo lugar, para poder elaborar alternativas, que é outra das características fundamentais dos feminismos.

Este concepto do xénero, ademais, axuda a entender como as ideas que as sociedades teñen de ser home ou muller varían no tempo e varían coas diferentes culturas, e de aí a importancia que para os feminismos ten o traballo en rede e a interconexión das realidades das mulleres en diferentes países. O xénero tamén foi matizado e enriquecido con outras capas de análise como a raza, a clase social, a lingua, a nacionalidade ou a orientación sexual, que veñen a complicar a construción social e a identidade individual e colectiva. Igualmente, en época recente e sobre todo con orixe nos estudos queer e lesbianos, o propio concepto do que é biolóxico (o sexo) foi desmontado como unha construción social máis, como veremos na parte dedicada á sexualidade. É dicir, nin sequera o físico é algo estábel, senón que tamén ten un ou outro valor segundo o que as sociedades humanas constrúen ao seu redor.

Grazas ao xénero podemos entender o traballo dos feminismos como unha área diferente á dos movementos de mulleres. Os feminismos buscan unha análise das estruturas e un cambio destas, por iso resultan tan importantes cuestións como a linguaxe ou o uso das imaxes e doutras ferramentas a través das cales imos interiorizando os nosos papeis como homes e mulleres nas diferentes sociedades. O xénero, pois, non afecta só as mulleres, senón que constrúe tamén aos homes, e por tanto ambas as construcións son responsábeis de que o 50 por cento da humanidade viva en situación de discriminación.

Os movementos de mulleres, pola contra, tenden a centrarse en cuestións

moi concretas (como foron por exemplo algunhas instancias fundamentais de avance nos dereitos das mulleres tales como o sufraxismo) pero non sempre analizan as estruturas subxacentes. Por pór un exemplo, os movementos europeos a prol da educación das mulleres que apareceron sobre todo no século XIX centrábanse na necesidade de educalas para ser boas nais e atender ben as familias. Por suposto que o resultado obtido deste movemento foi moi positivo (a posibilidade de que as mulleres accedesen a unha educación) pero os argumentos deste tipo non buscaban cambiar as estruturas sociais senón que reforzaban os papeis preestabelecidos polo patriarcado para as mulleres (cumprir mellor o seu papel de nais). Durante estes debates, por fortuna, houbo xa voces que defenderon que as mulleres debían recibir unha educación por tratarse simplemente dun dereito das persoas, e non cumpría ter que demostrar ningún valor engadido respecto dos homes para poderen ir ao colexio. Resulta especialmente lamentábel que este discurso, por curioso que pareza, siga vivo nas campañas de alfabetización de moitas organizacións non gobernamentais e institucións de cooperación ao desenvolvemento, que aínda tenden a xustificar que hai que «educar unha muller para educar unha familia».

Outra característica fundamental dos feminismos, que xa mencionamos brevemente, é a súa énfase nas alternativas. Os feminismos analizan a construción social e propoñen maneiras diferentes de estar nela. Aquí as voces, obviamente, son aínda máis variadas, dado que as construcións sociais do xénero son moi diversas e tamén as maneiras de enfrontarse a elas. Por exemplo, se observamos a cuestión dos dereitos reprodutivos, mentres que ás mulleres occidentais nos dan esmolas para que teñamos crianzas porque hai un descenso moi importante da natalidade nos nosos países, a situación revértese nos países do sur, onde se realizan esterilizacións forzosas ás mulleres no nome das políticas de control da natalidade. Así, as estratexias teñen que adaptarse ás diferentes formas que a discriminación atopa.

Sen dúbida, os feminismos son o movemento máis internacional e que mellor soubo articularse desde o local até os foros máis elevados. Grazas ao traballo en rede conseguíronse avances impensábeis, como que se recoñecese a violencia contra as mulleres como unha violación dos dereitos humanos tratada como tal no dereito internacional. Este paso é o resultado dun traballo fondo e arduo en facer ver o invisíbel e o que se presenta como *normal*, xa non só nos lugares concretos e dando solucións inmediatas (como casas de acollida ou reforzo nas medidas legais dos países) senón a través dun movemento organizado que foi capaz de pór sobre a mesa o carácter estrutural da violencia de xénero. En efecto, a violencia de xénero constrúese como algo político que comeza na propia discriminación máis básica de considerar que as mulleres e

os homes temos diferentes papeis sociais que son estritos e limitados. A través de moitas mensaxes máis ou menos directas (que se poden constatar facilmente botando unha ollada á industria audiovisual), transmítense estes papeis, que contemplan que as mulleres debemos aturar, calar, someternos ou simplemente pacificar os homes, mentres que os homes supostamente teñen que competir, dominar e usar a violencia se é necesario para conseguir os seus obxectivos.

Os feminismos como movemento mundial foron capaces de definir estes sistemas sociais de discriminación co nome de patriarcado, un sistema que a grandes trazos privilexia os homes nunha gran cantidade de aspectos (aínda que non a todos os homes por igual, evidentemente) e as mulleres aparentemente noutros (pensemos por exemplo no suposto privilexio de que nalgúns países as mulleres non teñan que tomar parte —é dicir, loitar activamente— nas guerras. Ora ben, este suposto privilexio invisibilizou durante séculos os diferentes e importantes papeis das mulleres nos períodos bélicos, e sobre todo ocultou as consecuencias devastadoras das guerras sobre as mulleres). As análises feministas do xénero cuestionan a discriminación que se deriva deste sistema patriarcal, e tamén os supostos privilexios masculinos que enmascaran importantes eivas, como por exemplo a negación para os homes da tenrura ou a ética dos coidados. Ademais, estes privilexios están baseados no seguimento máis ou menos estrito das normas e patróns de xénero dominantes, que é o que aprendemos tanto homes coma mulleres desde a nosa infancia, e que é o que provoca as burlas ou insultos (cando non casos extremos de violencia física) ante aquelas persoas que escollen non seguir o patrón establecido. Así, son frecuentes as descrições de nenas como *machos* cando realizan comportamentos non dignos do seu patrón de xénero, ou a denominación de *nenaza* para os nenos que non se axustan ao seu papel e teñen intereses vinculados co mundo que o patriarcado asigna ao feminino. A consecuencia desas mensaxes semella, curiosamente, ser moi semellante nos diferentes patriarcados e adoitamos resumila nas súas consecuencias para as mulleres como a carencia de acceso a recursos (sexan estes remuneración igualitaria ou acceso á educación), responsabilidade do traballo doméstico e non remunerado, transmisión dos valores sociais (na globalidade das sociedades responsabilízase ás nais da transmisión dos valores e por tanto das construcións sexistas, o cal responde ao tan reiterado comentario de que hai moitas mulleres machistas: o milagre é que as haxa feministas!) e ser obxecto de violencia sistemática como grupo (é dicir, a diferenza doutras formas de violencia, a violencia de xénero ocorre polo feito de que a vítima é muller). A expresión dos papeis é diferente, pero o fondo adoita ser semellante e xira arredor destas liñas que acabamos de describir.

O feito de que os papeis de xénero en si mesmos dependan da cultura fai que, se ben somos capaces de identificalos noutras culturas (e por tanto sinalar como países moi machistas algunhas zonas do mundo) resulta moi complexo visibilizalos no propio sistema cultural. Así, para moitas mulleres e homes dos países árabes as mulleres occidentais son explotadas polo uso que se fai dos seus corpos como obxectos sexuais, mentres que para moitas mulleres e homes occidentais as mulleres dos países árabes son explotadas porque levan veo. Ambas as dúas análises carecen de autocrítica e do recoñecemento das estruturas sociais que definen os papeis de xénero nestas dúas sociedades. Detrás de todos estes comportamentos subxace esa imposición de definicións pechadas e moi estritas de ser home ou muller, pero sobre todo de ser muller, dado que a través do papel tradicional de educadoras das mulleres na familia o patriarcado controla a reprodución deses propios papeis sociais e por iso son en moitos casos as mulleres as que enfatizan e exercen de policía do comportamento sobre todo das mozas. Grazas ao xénero podemos comprobar que as mulleres non somos só vítimas dos sistemas, senón que tamén os construímos. Estas construcións poden e deben cambiarse como escollas persoais e colectivas, debe recoñecerse tamén o papel de activismo e cambio social das mulleres, e deben analizarse os papeis de xénero dos homes, aspecto que comeza a albiscarse cos estudos da masculinidade pero que dista moito de estar desenvolvido ou asumido a nivel social. A destrución da ditadura dos papeis de xénero é fundamental para poder cambiar a discriminación, e desa revolución falan os feminismos.

Neste complexo desafío os diferentes feminismos foron atopando puntos de apoio tamén noutros movementos como o socialismo, os movementos independentistas durante a descolonización, os movementos campesiños e sindicais, o movemento gai-lesbiano, etc. No entanto, en todas as partes do mundo semella quedar patente que en demasiados casos estes movementos de liberación social seguen mantendo as estruturas do sexismo no interior das súas organizacións e tamén no seu discurso. As feministas traballamos dentro e fóra destes movementos, das institucións e dos espazos mixtos para cambiar as súas bases. Ademais, cómpre sinalar o movemento tan parello das teorías e prácticas feministas, cousa que non sucede do mesmo xeito en moitos outros movementos sociais. Nos feminismos existe unha análise permanente desta relación e enténdese a teoría como unha forma de transformación social na que basear unha praxe.

E isto non é algo que se faga sen resistencia. A resistencia aos cambios propostos é tamén diversa, e vai desde a desigualdade máis manifesta, expresada en leis e prácticas sancionadas en certas partes do mundo, (lembremos que o dereito ao voto para as mulleres segue estando moi lonxe de ser un dereito recoñecido universalmente, por pór un exemplo moi evidente) até a discrimi-

nación moito máis soterrada, e por veces complicada de visibilizar, dos países onde existe unha certa igualdade formal e onde con demasiada frecuencia se oíe o manido comentario de «agora xa hai igualdade, que máis queredes as mulleres?» Se ollamos a nosa sociedade vemos esa resistencia claramente nas actitudes de moitas persoas, que consideran inaxeitadas as medidas de acción positiva establecidas para conseguir un acceso igualitario aos recursos por parte das mulleres, que atacan permanentemente as feministas e que propagan na opinión pública mentiras interesadas. Bo exemplo delas é a recorrente nova nos medios españois de que a maioría das denuncias por malos tratos son falsas. Ante isto, resulta sorprendente que se ben tamén existen denuncias por roubo que son falsas, obviamente ninguén cre que por sistema se denuncien roubos sen ser certos, e moito menos que haxa que variar unha lei que protexe a quen pon as denuncias verdadeiras.

Nas nosas sociedades o machismo (ou para falar de forma máis exacta, o patriarcado) aprendeu a adaptarse ás circunstancias e é capaz de adoptar novas caras para pasar desapercibido. Así, moitas mulleres afirman non seren discriminadas porque poden estudar na universidade, pero logo fanse cargo automaticamente da casa e da familia cando teñen parella, ou deixan un bo traballo para seguir a súa parella se ten que trasladarse, sen considerar ningún destes actos como consecuencia dunha construción patriarcal das identidades de xénero. O patriarcado necesita que a colectividade asuma como *normais* comportamentos e actitudes que en realidade distan moito de ser aceptábeis (até hai só uns anos era socialmente *normal* que un home batese na muller e que non se falase nunca en público, e moito menos se denunciase, a situación). Mesmo en ocasións estes comportamentos son contrarios aos discursos oficiais socialmente aceptábeis da actualidade, e así aínda que hoxe en día na nosa sociedade esta xa mal visto que a unha persoa lle chamen machista, seguen a existir moitas maneiras sutís de exercer estes comportamentos sen ter que gastar tal apelativo, como acabamos de ver. Os feminismos son capaces de cuestionar esa *normalidade* e facer ver que tras dela se agochan as grandes escravitudes do mundo, como realizar para outras persoas traballos sen remuneración (o traballo doméstico realizado só por un grupo social concreto), ou a maior guerra do mundo, o maior terrorismo que cada día cobra vítimas en absolutamente todos os países do mundo (a violencia de xénero). Unha vez que se levanta a terra que agocha o evidente, o importante é sacar á luz a súa raíz.